

Ángel Lasheras, novo vicario do Opus Dei en Galicia: "Ser sacerdote é algo marabilloso, que cambia a túa vida por completo"

O máximo responsable do Opus Dei en Galicia, afirma nunha entrevista en La Voz de Galicia, que da coherencia coa fe cristiá nace tamén un exercicio máis responsable da cidadanía.

23-11-2009

Ao igual que o cardeal Herranz, Anxo Lasheras, o novo vicario do Opus Dei en Galicia, estudou Medicina antes de abrazar o sacerdocio. No seu caso, nas Universidades de Santiago de Compostela e Sevilla. Pero tras uns anos nos que tamén exerceu a docencia, marchou a Roma para estudar, na Pontificia Universidade da Santa Cruz, Filosofía Eclesiástica, e doutorarse cunha tese que dirixe a súa mirada aos ámbitos da Metafísica. Tras regresar a España, Lasheras desempeñou, entre outras responsabilidades, a de vicario da Prelatura para Castilla-León, Asturias e Cantabria. Agora, de novo en Galicia, di que, como sacerdote, ve Santiago con ollos novos. Mentres a través da súa ventá, situada fronte ao convento das Carmelitas, entra a luz do tímido sol dos invernos de

Compostela, di que «o Camiño segue obrando milagres» e que quen contempla a catedral construída sobre a tumba do Apóstolo ten ante si «a historia da Igrexa».

-Vostede ordenouse sacerdote en Roma en 1997, cando contaba 42 anos de idade...

-Si, en 1997. Pero dende que tiña 18 anos de idade e estudaba o primeiro curso de Medicina xa pertencía á Obra. Por aquel entón, sendo tan novo, estaba convencido de que a miña vida estaría encamiñada á Medicina, pero despois un vai madurando, tanto no espiritual coma no persoal, e chega un momento no que se decata de que está disposto a ordenarse sacerdote se o Señor o quere. Así que cando dende a prelatura me ofreceron a posibilidade de marchar a Roma e alí formarme para iso, aceptei inmediatamente.

-¿Como se vive o sacerdocio dende esa madurez?

-Ser sacerdote é algo marabilloso, que cambia completamente a túa vida. Percibir a graza de Deus, vivir para apoiar as persoas que temos a noso redor e facelo coa mirada posta en Xesucristo, é algo que che permite ver a existencia dunha forma moi diferente. Ao facer deste ano, do 2009, o Ano Sacerdotal, o Papa pediunos a todos os sacerdotes que sexamos verdadeiros santos; e creo que o que temos que intentar cada día é precisamente iso.

-¿Que espera do próximo ano santo xacobeo?

-Agora, e iso é algo que quero agradecer ao arcebispo [Xulián Barrio] e ao cabildo, estou a ir confesar á catedral, e iso permíteme ver como a xente vén a Santiago a reconciliarse co Señor. A catedral de Santiago é un sitio diferente de

calquera outro. E o Camiño de Santiago marcou á cidade porque en verdade é un camiño de conversión. Por iso, o que espero do próximo ano santo é que grazas a el sexan cada vez máis as persoas que sentan a chamada da reconciliación.

-¿Con cuántos membros conta hoxe o Opus Dei en Galicia ?

-Con máis de 2.100, entre agregados, numerarios e supernumerarios, que son a maioría e case todos casados. Mulleres e homes. Pero a esa cifra hai que sumar a de todas as persoas que colaboran coa Obra dalgún xeito, e que son incontables.

-¿e esa cifra tende a crecer, ou pola contra decrece?

-Imos a máis, sen dúbida. En Galicia estamos a crecer. O prelado do Opus Dei, cando estivo aquí unhas horas este verán, díxonos que polo moito que o noso fundador, san Xosemaría

Escrivá de Balaguer, que estivo en La Estila e na catedral, rezara polo labor apostólico nas súas repetidas estanzas nestas terras, tiñamos que chegar a todos os rincóns de Galicia, e iso é o que eu quero.

-¿Cantos sacerdotes teñen en Galicia?

-En Galicia contamos con 41 sacerdotes incardinados na prelatura , que teñen como principal misión o labor de formación e apostolado que é propio da Obra, aínda que despois tamén poidan colaborar coas parroquias ou en calquera misión que precisen as dióceses. Pero despois está, ademais, a Sociedade Sacerdotal da Santa Cruz , formada por sacerdotes diocesanos que queren vivir a súa identidade sacerdotal a través da espiritualidade do Opus Dei, e que agora son uns 150, máis ou menos.

-¿Cales son hoxe os seus principais obxectivos no ámbito da Educación?

-A Obra ten encomendada a formación cristiá en centros como Peñarredonda e Montespiño , en A Coruña, e Las Acacias , Montecastelo e Aloya, en Vigo. O que queremos é ensinar aos alumnos a vivir cristiamente, porque cremos que vivir de xeito coherente coa fe cristiá permite ser bos cidadáns e tamén coherentes na vida. E tratamos de programar, ademais, dende os centros, actividades que non cheguen soa aos alumnos, senón tamén ás súas familias. Que as familias enteiras poidan beneficiarse delas.

-¿Bota vostede de menos a súa vida doutro tempo?

-Non, non a boto de menos. Todos temos a nosa biografía, claro, pero a formación que recibimos axúdanos a saber vivir no presente, sen morriñas. O meu horizonte non é o pasado, senón o futuro. E cando a sociedade se está a afastar de Deus,

creo que a miña misión é traballar
para que as persoas poidan coñecelo.
Para que a xente se achegue a Deus
de novo

Ramón Loureiro. La Voz de
Galicia

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/angel-lasheras-novo-
vicario-do-opus-dei-en-galicia-ser-
sacerdote-e-algo-marabilloso-que-
cambia-a-tua-vida-por-completo/](https://opusdei.org/gl-es/article/angel-lasheras-novo-vicario-do-opus-dei-en-galicia-ser-sacerdote-e-algo-marabilloso-que-cambia-a-tua-vida-por-completo/)
(22-02-2026)